

**SENDA NA VÍA DE SERVIZO
ANEXA Á PO-548. VALGA**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é a xustificación e definición das obras a efectuar para a mellora da vía de servizo anexa á PO-548, mellora da seguridade peonil e execución de camiño de servizo, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 4+170 a 4+285, no municipio de Valga

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-548 *Pontecesures (N-550) - Vilagarcía de Arousa (glorieta porto)*, entre os PP.QQ. 0+000-16+280, pertence a rede estruturante da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEG); e entre os PP.QQ. 16+280-19+100, pertence á rede local da RAEG.

3. Descrición da Actuación

A actuación consiste na ampliación da plataforma viaria na vía de servizo anexa á PO-548, na súa marxe dereita, entre os PP.QQ. 4+170 y 4+285, aumentando a calzada actual ata os 6 m de ancho. Con iso, preténdese garantir o cruzamento seguro de vehículos e executar unha senda anexa de formigón coloreado de 2,02 m, sen franxa vexetal, que garanta a accesibilidade peonil en condicións de seguridade na contorna, permitindo a conexión coa Igrexa de Santa Columba de Cordeiro de Valga.

Así mesmo, manterase a accesibilidade ás parcelas privadas existentes, mediante un pequeno camiño de servizo de 3 m de ancho, adxunto pola dereita da senda e pegado ao terreo.

Será preciso executar as seguintes actuacións complementarias:

- Retranquear e/ou enterrar algúns postes.

- Executar pequenos muros de contención de bloques de pedra.

Tamén se levarán a cabo actuacións na drenaxe da vía de servizo.

4. Características técnicas

Sección tipo:

- Vía de servizo: 6 m.

- Senda: 1,80 m de espazo peonil + 0,22 m bordo estético.

- Camiño de servizo: 3 m.

Firmes e pavimentos:

- Vía de servizo sobre firme existente: fresado de 5 cm do firme existente + rega de adherencia (RA) C60B3 TER + 5 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) AC 16 surf 50/70BC S.

- Zonas de ampliación da vía de servizo: recorte do pavimento + corte en caixa da zona a ampliar 115 cm e compactado do terreo + 75 cm de solos seleccionados procedentes de préstamo + 20 cm de saburra artificial + 20 cm de Macadam + RA C60B3 TER + 5 cm de MBQ AC 16 surf 50/70BC S.

- Senda: 20 cm de saburra artificial + 16 cm de pavimento de formigón coloreado HF-3.5 sen malla.

- Senda en treito de acceso ao camiño de servizo: corte en caixa da zona do camiño de servizo de 75 cm e compactado do terreo + 75 cm de solos seleccionados procedentes de préstamo + 20 cm de saburra artificial + 16 cm pavimento de formigón coloreado HF-3.5 con malla.

- Bordo: encintado da senda con bordo de formigón remontable, sobre cama de asento de formigón HM-20 de 10cm de espesor.

- Camiño de servizo: corte en caixa da zona do camiño de servizo de 75 cm e compactado do terreo + 75 cm de solos seleccionados procedentes de préstamo + 40 cm de saburra artificial + dobre tratamento superficial.

Drenaxe:

A pendente lonxitudinal da gabia axustarase a rasante da estrada e complétase a rede de pluviais coa implantación de novos colectores de PVC Ø400mm. Reposición dos sumidoiros existentes e instalación de novos sumidoiros de 50x30 cm, con tapa de fundición, onde sexa preciso.

Estruturas:

Retranqueo de noiros con muros de perpiaño para a contención das terras, cunha altura máxima de 1,5 m.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Valga 5.671 hab.

TOTAL: 5.671 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Valga.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 10, no concello de Valga.

Solo 5.412,92 €

Bens afectados 1.600,00 €

Premio de afección 5% 350,65 €

Total Expropiacións: 7.363,57 €


8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de SEIS (6) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	167.091,01 €
Orzamento de Expropiacións	7.363,57 €
Orzamento de Seguimento Arqueolóxico	1.500,00 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	175.954,58 €

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓNS TIPO

